

# Tradución

## Poemas en cancións de Maria del Mar Bonet

María Asunción CANAL COVELO  
Juan Miguel RIBERA LLOPIS

Autora, compositora e intérprete, Maria del Mar Bonet (Palma de Mallorca, 1947) canta tamén versos e partituras doutros autores ao tempo que, como folklorista, realiza un labor de recuperación do lendario e do cancionero catalán, potenciando novas vías a favor da súa continuidade.

Partindo da tradición catalá e en catalán, con cada un dos útiles propiciados por eses compoñentes, Maria del Mar Bonet compuxo un repertorio que, nutrido interculturalmente, irradiou desde as culturas celtibéricas ata as ribeiras hebreas e entre o norte africano e as illas e os portos helénicos e itálicos. Órbita pan-mediterránea esencial, a artista mallorquina non obviou, segundo propia definición, outras *excursións musicais* que a levaron da *chanson* francesa ao *pop-rock* anglosaxón e ao *blues* norteamericano. E entrou nas raíces galegas, cantando a tradución catalá de *Negra sombra* de Rosalía de Castro feita por Tomàs Garcés ou acompañando a Amancio Prada nas súas musicacións de *Campanas de Bastabales* e *Corre o vento, o río pasa*.

O seu é un *corpus* ricamente polifónico que abunda tematicamente nos ángulos da memoria máis íntima e na superficie da máis colectiva: entre a lembranza repleta de seres, interiores e paisaxes propios, polo amor e a morte, co mar e cada unha das súas rutas; por entre a conciencia comprometida como muller, como nacionalista e como pacifista. Mediante a execución de acuarelas, nos seus cadernos deulles forma e cor aos motivos artísticos que marcan a súa obra literaria e musical.

*P.S.* Acheguémonos á obra de Maria del Mar Bonet grazas aos seguintes volumes propios, gravacións antolóxicas do seu repertorio e monografías que lle foron dedicadas:

- Volumes propios:
- *Secreta veu*. Barcelona: Empúries, 1987 [poemas e acuarelas].
  - *Quadern de viatge. Pintures i cançons* (pròleg de Biel Mesquida). Barcelona: Columna -



*Quadern de viatge. Pintures i cançons, p. 34*

L'Albí, 1998 [Ed. bilingüe catalán-castelán: San Sebastián de los Reyes: Universidad Popular, 2004].

- *La veu a la mà*. Caldes d'Estrac (Barcelona): Fundació Palau, 2006 [DVD-catálogo].

Gravacións antolóxicas:

- *Sempre*. BMG-Ariola Records, 1981 [textos bilingües catalán-castelán].
- *El cor del temps*. Castellar del Vallès (Barcelona): PICAP, 1997 [textos bilingües catalán-castelán].
- *Raixa*. MUXXIC, 2001 [Textos trilingües catalán-castelán-inglés].
- *Collita pròpia*. BMG-Ariola Records, 2003 [textos bilingües catalán-castelán].
- *Bellver*. Castellar del Vallès (Barcelona): PICAP, 2010 [Textos trilingües catalán-castelán-inglés].
- *Blaus de l'ànima*. Castellar del Vallès (Barcelona): PICAP, 2011 [en colaboración

con Manel Camps, textos bilingües catalán-castelán].

Monografías:

- Garrido, Emilio (2007): *Voz de Mar / Veu de Mar*. La Canyada (València): Efecto Violeta

[Ed. bilingüe catalán-castelán].

- Manresa, Joan (1992): *Maria del Mar Bonet*. Barcelona: Edicions La Magrana.

## MERCÈ

Mercè,  
Palma n'és llunyana;  
sóc lluny dels carrers  
lluny dels ametllers  
i d'aquells carrers que clou la murada.

Mercè,  
lluny del teu esguard  
i del vent tranquil  
de la casa clara;  
lluny d'aquells terrats  
on els gorrións s'estimen i canten,  
i les monges estenen  
els pecats del món i la roba blanca,  
i un frare balla  
arran de teulada  
esperant prendre el vol  
cap al cel tan blau  
faldilles enlaire.

Mercè,  
taronges i flors damunt de la taula,  
les gavines t'acompanyin  
el lent caminar cap a l'horabaixa.  
Sempre tornaré  
a la nostra platja  
les ones no em deixen, mumare,  
allunyar-me'n massa.

*María del Mar Bonet, 1971.*

## CANÇÓ PER UNA BONA MORT

Jo seré nígul qualque dia  
i el vent em portará a qualsevol lloc  
jo seré terra un dia  
i de mi naixerà el xiprer.  
I per la finestra del jardí  
l'heura entrarà a poc a poc  
i abraçará els meus vestits  
i els omplirà de flors.  
I els gats faran l'amor sota el meu llit  
que jo dormiré el somni de la mort.

## MERCÈ

Mercè,  
Palma está afastada;  
estou lonxe das rúas  
lonxe das amendoeiras  
e daquelas rúas que pecha a muralla.

Mercè,  
lonxe do teu ollar  
e do vento tranquilo,  
da casa clara;  
lonxe daqueles eirados  
onde os pardais se aman e cantan,  
e as monxas tenden  
os pecados do mundo e a roupa branca  
e un frade baila  
sobre o tellado,  
a piques de tomar o voo,  
cara a un ceo tan azul,  
saías ao aire.

Mercè,  
laranxas e flores encol da mesa,  
as gaivotas acompañante  
no lento camiñar cara ao solpor.  
Sempre volverei  
á nosa praia;  
as ondas non me deixan, naiciña,  
afastarme demasiado.

## CANCIÓN PARA UNHA BOA MORTE

Eu serei nube algún día  
e o vento levárame a un lugar calquera  
eu serei terra un día  
e de min nacerá o ciprés.  
E pola fiestra do xardín  
a hedra entrarà aos poucos  
e abrazará os meus vestidos  
e encheraos de flores.  
E os gatos farán o amor baixo o meu leito  
e eu durmirei o sono da morte.

Reposaré damunt teixit d'aranyes  
els cabells se m'esbullaran amb l'heura  
i hi faran niu les cuques de llum,  
els ocells sabran que és el seu lloc.  
I dragons hi sortiran de nit,  
per fi la pols s'arrossegarà als llibres  
i vendrà a viure amb mi el mussol.  
Jo seré nígul qualque dia,  
i el vent em portarà a qualsevol lloc.

*Maria del Mar Bonet, 1971.*

### **NO VOLDRIA RES MÉS ARA**

No voldria res mes, ara,  
que estimar-te  
i sentir el teu cos, ben a aprop.  
No voldria res mes, ara,  
que el teu somriure  
i ni un alè d'aire entre tu i jo,  
No tenc res més, ara,  
que aquesta cambra;  
i, només un poc meva,  
la llum dels finestrons.  
Ahir pel carrer vaig perdre  
paraules i cançons  
i estic aquest matí tan buida...  
Un renou de mosques  
fa somriure els vidres,  
i el vent m'omple de fulles  
un jardí transparent.  
Ben lluny, això, de tu i de mi,  
com si fos un núvol falaguer.  
No voldria res mes, ara,  
que el teu somriure,  
i el vent s'enduria dels meus llavis  
la cançó.

*L'àguila negra, single, 1971.*

### **VIGILA EL MAR**

Vigila el mar,  
que la pluja no és teva  
i el sol enlluerna a poc a poc.  
  
Vigila el mar,  
que la boira t'esbulla  
i el vent plora el record.

*Madrygal, 2012, 15 239-245*

Repousarei sobre teas de araña  
os cabelos enredaránseme coa hedra  
e alí aniñarán os vagalumes,  
os paxaros saberán que é o seu lugar.  
E os dragóns sairán de noite,  
por fin o po esparexerese entre os libros  
e virá vivir comigo o moucho.  
Eu serei nube algún día  
e o vento levaramme a un lugar calquera.

### **NON QUIXERA MÁIS AGORA**

Non quixera máis agora  
que amarte  
e sentir o teu corpo, ben preto.  
Non quixera máis agora  
que o teu sorriso  
e nin unha miga de aire entre ti e eu.  
Non teño nada máis agora  
que este cuarto;  
e só un pouco miña,  
a luz das fiestras.  
Onte pola rúa perdín  
palabras e cancións  
e esta mañá estou tan baleira...  
Un zunido de moscas  
fai sorrir os cristais,  
e o vento éncheme de follas  
un xardín transparente.  
Ben lonxe, todo, de ti e de min,  
como se fose unha nube solermeira.  
Non quixera máis agora  
que o teu sorriso,  
e o vento levaría dos meus beizos  
a canción.

### **VIXÍA O MAR**

Vixía o mar,  
que a chuvia non é túa  
e o sol encandea pouco a pouco.  
  
Vixía o mar,  
que a néboa te envolve  
e o vento chora o recordo.

Vigila el mar,  
que l'ocell ja no canta  
i els terrats s'han cobert de brutor.

Vigila el mar,  
que les cales són preses  
i els pins callen la cançó.

Vigila el mar,  
que els teus ja no tornen  
i naus estranyes  
omplen el teu port.

*Maria del Mar Bonet, 1974*

### **ALENAR**

El sol que no surti avui,  
i que tornin els estels;  
que jo t'he de mester a prop  
per jugar am els teus cabells.

Si tu toques i jo cant,  
vol dir que mos entenem;  
i tot el camí que feim  
serà per anar endavent.

A València hi ha un carrer  
que té geranis i ombres,  
humitats i tenebrors,  
saliva i enteniment.  
Si voleu saber quin és...  
'el carrer dels Cavallers'.

Àngel caigut,  
principi del foc,  
magrana oberta;  
tot això ets tu,  
jo n'estic certa.

Adéu lluna de nit,  
adéu sol de migdia,  
adéu a tots els estels  
que me féreu companyia.

Adéu als que heu escoltat  
la meua veu per amiga,  
jo he canat en nom vostre,  
la vostra veu és la mia.

*Alenar, 1977.*

Vixía o mar,  
que o paxaro non canta máis  
e os eirados cubrironse de lixo.

Vixía o mar,  
que as calas son tomadas  
e os piñeiros calan a canción.

Vixía o mar,  
que os teus non volven máis  
e naves estranxeiras  
enchen o teu porto.

### **RESPIRAR**

O sol que non saia hoxe,  
e que tornen as estrelas;  
que eu te preciso preto  
para xogar cos teus cabelos.

Se ti tocas e eu canto,  
quere dicir que nos entendemos;  
e todo o camiño que fagamos  
será para ir cara a adiante.

En Valencia hai unha rúa  
que ten xeranos e sombras,  
humidades e tebras,  
saliva e entendemento.  
Se queredes saber cal é...  
'a rúa dos Cavallers'.

Anxo caído,  
principio do lume,  
granada aberta;  
todo iso es ti,  
eu estou certa.

Adeus lúa de noite,  
adeus sol de mediodía,  
adeus todas as estrelas  
que me fixestes compañía.

Adeus aos que escoitastes  
a miña voz como amiga,  
eu cantei no voso nome,  
a vosa voz é a miña.

## **LA DANSA DE LA PRIMAVERA**

Febrer m'ha duit la carta tan precisa:  
vol que els lilàs s'obrin pels dits  
i, en el cor, m'hi creixi una palmera.  
Que exigent que ve la primavera!

Que exigent que ve la primavera,  
i el meu cor tan malaltís,  
tenc por que es cremi dins de la foguera,  
(no puc desfer-me del seu encís).

No puc desfer-me del seu encís,  
obrir les branques i ballar amb ella,  
pentinar-me al seu vent la cabellera,  
cantar les llunes de les seves nits.

Cantar les llunes de les seves nits,  
cantar vermells de la tardor,  
cantar el silenci de la nova neu,  
cantar, si torna, el dolorós amor.

Cantar, si torna, el dolorós amor  
i néixer un poc més en l'intent,  
i créixer un poc més cada entretemps  
i volar amb el vent i les noves llavors.

Volcar amb el vent i les noves llavors,  
qui sap on el vent em portarà,  
a dins el cor d'una terra antiga,  
o creixeré al fons de la mar?

Febrer m'ha duit la carta tan precisa:  
vol que els lilàs s'obrin pels dits  
i, en el cor, m'hi creixi una palmera.  
Que exigent que ve la primavera!

*Anells d'aigua, 1985.*

## **EL MEU POETA**

*A Joan Oliver*

Anit vaig somiar que anava a cal poeta  
i li vaig demanar un poema per fer una cançó.  
Li vaig demanar que em donàs unes paraules  
com un vestit a mida pensat per lluir-lo.

La tarda era d'estiu i a l'hora de la sesta  
dormien les paraules dins el seu menjador,  
anava despertant les que més m'agradaven,  
les anava enfilant dins el seu mocador.

*Madrygal, 2012, 15 239-245*

## **A DANZA DA PRIMAVERA**

Febreiro tróuxome unha carta moi precisa:  
queren que as lilas broten nos meus dedos  
e, no corazón, me creza unha palmeira.  
Que esixente vén a primavera!

Que esixente vén a primavera,  
e o meu corazón tan delicado,  
teño medo que arda na fogueira  
(non podo desfacerme do seu feitizo).

Non podo desfacerme do seu feitizo,  
abrir as pólas e bailar con ela,  
peitear co seu vento a cabeleira,  
cantar as lúas das súas noites.

Cantar as lúas das súas noites,  
cantar os vermellos do outono,  
cantar o silencio da nova neve,  
cantar, se volve, o doloroso amor.

Cantar, se volve, o doloroso amor  
e nacer un pouco máis no intento,  
e crecer un pouco máis cada momento  
e voar co vento e as novas sementes.

Voar co vento e as novas sementes,  
quen sabe onde o vento me levará,  
dentro do corazón dunha terra antiga,  
ou crecerei no fondo do mar?

Febreiro tróuxome unha carta moi precisa:  
queren que as lilas broten nos meus dedos  
e, no corazón, me creza unha palmeira.  
Que esixente vén a primavera!

## **O MEU POETA**

*A Joan Oliver*

Onte á noite soñei que ía a casa do poeta  
e pedinlle un poema para facer unha canción.  
Pedinlle que me dese unhas palabras  
como un traxe á medida feito para lucilo.

A tarde era de estío e á hora da sesta  
durmían as palabras no seu comedor,  
íaa despertando as que máis me gustaban,  
íaa arrefecendo no seu pano.

El poeta llancà el mocador a l'aire,  
i així em naixien arbres plens de flors.  
Les paraules hi penjaven totes juntes,  
hi feien garlandes de tots els colors.

Ell era el poeta que jo m'estimava  
i que em recordava tots els meus amors,  
i amb aquella veu, per mi tan coneguda,  
cantà una tonada de vells trobadors.

Aquella nit d'estiu a casa del poeta,  
no l'oblidaré mai per molt que visqui jo.  
La lluna ens ajudà a fer bona la lletra,  
i a la matinada naixia una cançó.

*Gavines i dragons, 1987.*

### LES VEUS DE RAIXA

Sostre del cel, enramat de pins,  
petita vall estimada,  
jardí del vent, de misteri que amagava  
[camins d'aigua.

Primavera somiada,  
estiu embriuat,  
tardor enyorada,  
hivern despullat.

Però fuig el perfum de la copa més alta.  
El pas del temps s'endú el sentiment. Fins i tot  
els pensaments que dormen dins l'aigua  
[de la bassa.

Casa del déus, sauri d'aigua,  
nom de gazela daurada,  
passes obscures que menaven la llei que dormi  
[a la clastra.

Primavera somiada,  
estiu embriuat,  
tardor enyorada,  
hivern despullat.

*Raixa, 2001.*

O poeta lanzou o pano ao aire,  
e así nacéronme árbores cheas de flores.  
As palabras penduraban todas xuntas,  
facendo grilandas de todas as cores.

El era o poeta que eu máis amaba  
e que me lembraba todos os meus amores,  
e con aquela voz, por min tan coñecida,  
cantou unha cantiga de vellos trobadores.

Aquela noite de estío na casa do poeta,  
non a esqueceréi nunca por moito que viva.  
A lúa axudounos a facer boa letra,  
e na madrugada naceu unha canción.

### AS VOCES DE RAIXA<sup>1</sup>

Teito do ceo, trezado de piñeiros,  
pequeno val amado,  
xardín do vento, de misterio que ocultaba  
[camiños de auga.

Primavera soñada,  
estío enmeigado,  
outono estrañado,  
inverno espido.

Mais foxe o perfume da copa máis alta.  
O paso do tempo leva o sentimento. Ata  
os pensamentos que dormen na auga  
[do estanque.

Casa dos deuses, adiviño de auga,  
nome de gacela dourada  
pasos escuros que levan a lei que dorme  
[no patio.

Primavera soñada,  
estío enmeigado,  
outono estrañado,  
inverno espido.

<sup>1</sup> *Raixa* é un xardín situado aos pes da mallorquina Serra de Tramuntana e que ten sido cultivado desde época musulmá.

## **LLUNA DE PAU**

Lluna de pau, germana dels estels,  
viatgera tranquil·la dels espais infinits,  
tu que has obert la porta dels abismes,  
mirall nocturn de la llum fosca del sol

Lluna de pau, de la casa de cendres  
enmig del cel, enmig de l'univers,  
que saps parlar el llenguatge dels astres,  
que fas el cant del silenci absolut.

Lluna de pau, coloma d'ales negres,  
si et crido lluny, acudeixess a mi  
enmig de l'ombra, amb les crineres blanques  
a cavall sempre de la llum i del vent.

Lluna de pau, vestida d'oliveres,  
en quart creixent, enmig dels tarongers,  
la que es condorm a l'entrecuix de les dunes  
i reneix a la platja, entre pins i xiprers.

Lluna de pau, aparta'ns de la ira,  
de la desesperança, que no les trobem mai,  
del desamor, de l'última venjança  
Lluna de pau, fes peu a casa nostra,  
no ens abandonis mai.

*Lluna de pau, 2003.*

## **LÚA DE PAZ**

Lúa de paz, irmá das estrelas  
viaxeira tranquila dos espazos infinitos,  
ti que abriches a porta dos abismos,  
espello nocturno da luz fusca do sol.

Lúa de paz, da casa de cinsas  
no medio do ceo, no medio do universo,  
que sabes falar a linguaxe dos astros,  
que interpretas o canto do silencio absoluto.

Lúa de paz, pomba de ás negras,  
se te chamo de lonxe, acodes a min  
no medio da sombra, coas crinas brancas  
a cabalo sempre da luz e do vento.

Lúa de paz, vestida de oliveiras,  
en cuarto crecente, no medio das laranxeiras,  
a que adormece no pube das dunas  
e renace na praia, entre piñeiros e cipreses.

Lúa de paz, afástanos da ira,  
da desesperanza, que nunca a atopemos,  
do desamor, da última vinganza.  
Lúa de paz, entra na nosa casa,  
non nos abandones nunca.